

Traballos nos petróglifos de Monte Castelo e A Peneda Negra (Ames, A Coruña).

Entre o verán e o outono do pasado 2016, realizáronse os traballos de limpeza e documentación para a posta en valor no petróglifo 2 de Monte Castelo e do control da retirada da vexetación efectuada no entorno do petróglifo da Peneda Negra (Ames, A Coruña).

Os traballos foron promovidos e supervisados polo Servizo de arqueoloxía da Subdirección Xeral de Conservación e Restauración de Bens Culturais da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural en colaboración co Concello de Ames, quen aportou os medios auxiliares para a roza e limpeza da vexetación.

A adjudicataria dos traballos foi a empresa BIC Materiales y Conservación, S.L. asumindo pola nosa parte a dirección arqueolóxica e coordinación do proxecto e correspondendo á restauradora Marta Díaz Fernández a responsabilidade nos traballos de conservación.

Entre outras actuacións realizouse o control arqueolóxico da limpeza da vexetación na parcela na que se localiza a Laxe 2 de Monte Castelo, revisáronse as rochas susceptibles de seren soporte de petróglifos o con visualización nocturna con luz rasante artificial, actuación que permitiu documentar un novo gravado rupestre, correspondente ao petróglifo 3 de Monte Castelo.



Fotografía nocturna con luz rasante artificial no petróglifo 2 de Monte Castelo (Ames, A Coruña)

Con carácter previo ao inicio da limpeza da rocha realizouse un estudo e avaliación dos tipos de liques presentes na rocha e logo efectuouse a limpeza do soporte en seco e en húmido.

Realizouse o levantamento planimétrico en detalle dos gravados rupestres, rexistro fotográfico nocturno e rexistro do soporte e gravados mediante a técnica de fotogrametría, redactáronse e actualizáronse as fichas de inventario no modelo normativizado e foi levado a cabo o control arqueolóxico das labores de roza de vexetación do acceso ao lugar no que se localizan os gravados dende o camiño que limita a parcela ao S.

Para a parte de divulgación realizouse unha presentación dos traballos arqueolóxicos e de conservación promovidos pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural dentro da visita didáctica nocturna organizada polo Colectivo A Rula e o Concello de Ames e se deu unha rolda de prensa.

En canto ao Petróglifo da Peneda Negra, efectuouse o control arqueolóxico da limpeza da vexetación e entorno, sendo executada por persoal aportado polo Concello de Ames.

Mario César Vila, Santiago de Compostela, 16-I-2017